



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**, relativa ao anuncio da OPE da Xunta para 2015.

O consello da Xunta acordou unha oferta pública de emprego (OPE) para 2015 de 1.163 prazas que supón, alomenos nominalmente, unha rectificación parcial das políticas públicas de destrución de emprego destes anos de crise e recesión causados pola violencia material e as tramas de corrupción político-empresarial neoliberais.

O anuncio tense que verificar na práctica porque cómpre non esquecer que este goberno segue sen convocar os centos de prazas públicas das OPE,s dos anos 2008-2009. A combinación destes antecedentes de destrución de emprego público e incumprimento doutras OPE,s, coa actual lexislación que permite ate 3 anos para desenvolver unha oferta público de emprego, e a coincidencia dun ano electoral, fainos ser prudentes – incluso escépticos - respecto das intencións e veracidade desta OPE.

A propia comunicación da Xunta remite a que *“nas próximas datas concretarase por sectores e especialidades como vai ser distribuído o total de prazas da oferta, e quedará pendente que se determine a súa repartición nas correspondentes mesas sectoriais docente e sanitaria, así como na mesa xeral de empregados públicos, unha vez que se realicen as negociacións correspondentes coas organizacións sindicais”*.

Prudencia que nos dita tanto a experiencia canto a vixente lei de orzamentos do Estado que contempla que no 2015 non se incorporará novo persoal no sector público agás determinados sectores e colectivos considerados prioritarios onde a taxa de reposición permitirá no mellor dos casos cubrir a metade das vacantes. Sen deter o proceso de redución e envellecemento do cadro de persoal ao servizo das administracións públicas.

No anuncio hai que botar en falla que non se vaian a reforzar servizos públicos de prestación directa, caso dos que se proporcionan nas residencias de maiores ou da atención á diversidade funcional.

No anuncio nada se di da amortización de prazas nas consellarías, caso das 130 ameazadas na consellaría de medio rural, que restarían á OPE anunciada, ou a eliminación de prazas en servizos excepciónados da taxa de reposición 0, caso do servizo de defensa e protección contra os incendios forestais: medidas que contradín o sentido da anunciada OPE para 2015. Actuacións negativas que contradín o relato, fantástico, sobre a recuperación económica e saída da crise que enuncia o goberno galego.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte interpelación:

- Que prazos manexa a Xunta para facer efectiva, isto é, que se incorporen efectivamente aos seus postos de traballo as persoas seleccionadas ao abeiro do proceso de oposición da OPE 2015?
- Vai cancelar a proposta de amortización de 130 prazas na consellaría de medio rural?
- Non contempla a Xunta reforzar as plantillas de benestar para superar a sobrecarga de traballo que padecen as traballadoras e traballadores públicos?
- Vai derrogar de xeito urxente a norma de excepción 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais sobre o emprego público, que se aplica contra as traballadoras e traballadores deste sector?

Compostela, 9 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez.

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 09/02/2015 13:03:30